



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Asunto: Remisión de títulos oficiais ás “Direccións Provinciais de Educación e Ciencia, Oficinas de Educación ou Oficinas Consulares”.


De acordo co establecido no apartado 2 do artigo sexto da orde do MEC do 8 de abril de 1998, reguladora en materia de expedición de títulos oficiais, no suposto de que o interesado resida en localidade distinta daquela na que radique a Universidade poderá solicitar por escrito, na Reitoría correspondente, a remisión do seu título oficial á “Dirección Provincial de Educación e Ciencia, Oficinas de Educación ou Oficina Consular máis próxima ao seu lugar de residencia” (hoxe en día tamén ás Subdelegacións do Goberno).

Toda vez que hai queixas dalgunha Subdelegación do Goberno que consisten en que se teñen realizado envíos desde esta Universidade de documentos que non son títulos oficiais (certificacións de pagamento dos dereitos de expedición de títulos oficiais ou títulos propios da UDC) e aínda que algún destes documentos produzan provisoriamente os mesmos efectos que a posesión do título, habida conta de que se trata de documentos públicos distintos aos títulos oficiais, recórdase a todas as Administracións das Facultades e Escolas que as citadas oficinas só están obrigadas a recepcionar os títulos universitarios oficiais e os seus duplicados.

As solicitudes que formulen os interesados ante a Reitoría, para que os seus títulos sexan remitidos a calquera das oficinas mencionadas, deberán ser resoltas polos Decanos ou polos Directores das Facultades ou Escolas ou polo titular da Sección de Estudos Oficiais de Posgrao en virtude da desconcentración efectuada por resolución reitoral de 29 de marzo de 2011.

A Coruña, 1 de abril de 2011

O xefe do Servizo de Organización Académica


Víctor Manuel Cabrera Sánchez

Sres. Decanos e Directores das Facultades e Escolas
Sres. Administradores das Facultades e Escolas
Sra. xefa da Sección de Estudos Oficiais de Posgrao
Sra. xefa da Sección de Títulos